



camiño
escena
norte

camín
escena
norte

camino
escena
norte

ipar
eszena
bidea

Camiño Escena Norte inicia esta fin de semana a súa andaina por Galicia con dúas funcións gratuítas en Santiago de Compostela e Foz

Adrián Conde abrirá o programa o venres 13 na praza compostelá de Praterías con *Check Out*, unha comedia visual inspirada no cine mudo coa que gañou o Premio Fetén 2024 a Mellor Intérprete e o Premio Oh! das artes escénicas de Asturias ao Mellor Espectáculo para a Infancia

Foz estréase este domingo 15 como sede do CEN para acoller na praza Conde de Fontao a función de novo circo *By ò Bu. Aproximación al no existir*, das compañías navarras Yarleku e El Punto Gunea

O encontro profesional Habitación Peregrina PRO, que terá lugar do 17 ao 19 de setembro no centro O Vello Cárcere de Lugo, mantén aberto o prazo de inscrición até o día 13 a través de www.escenanorte.com

Santiago de Compostela, 10 de setembro de 2024.- A cuarta edición de Camiño Escena Norte, o programa de intercambio cultural no que participan compañías de teatro, danza e artes do movemento e novo circo de Galicia, Asturias, Cantabria, Euskadi e Navarra, iniciará esta fin de semana a súa andaina polo territorio galego da man do Ciclo Constelacións, a programación itinerante de corte xeneralista que conforman 15 propostas diferentes. Este **venres 13, ás 19.00 horas**, a praza compostelá de **Praterías acollerá o espectáculo inaugural *Check Out***, do asturiano Adrián Conde, unha proposta dirixida a público de todas as idades, especialmente o infantil. En caso de choiva, a función -prevista inicialmente para a praza da Quintana-, terá lugar no Salón Teatro. Nos dous casos, o acceso será de balde ata completar capacidade.

Check out é unha das propostas máis premiadas este ano en Asturias. Adrián Conde foi galardoado co **Premio Fetén ao Mellor Intérprete** e tamén recibiu o **Premio Oh! Das artes escénicas asturianas ao Mellor Espectáculo Infantil**. Trátase dunha comedia visual inspirada no cine mudo e na que o protagonista, Eugenio, é un mozo de servizo dun hotel que, entre equívocos, xogo de clown e moita diversión, descobre ao longo dunha xornada imprevista de traballo que non hai mellor futuro que vivir gozando do presente.

Dous días despois, o domingo 15, terá lugar a estrea de **Foz** como sede do Camiño Escena Norte, que este ano chega, na súa edición máis expansiva, a 13 localidades do país. As compañías navarras Yarleku e El punto Gunea aterrarán na Mariña luguesa para presentar ***By ò Bu. Aproximación al no existir***, un espectáculo de

PROMOVE / PROMUEVE / SUSTATZAILAK:



www.escenanorte.com





camiño
escena
norte

camín
escena
norte

camino
escena
norte

ipar
eszena
bidea

novo circo dirixido a público adolescente e adulto e que, a través do movemento, o trapezio e a palabra, expón a conversa entre as dúas partes dun mesmo ser, que aborda no diálogo a posibilidade de deixar de existir. A función, que se representará na Praza Conde do Fontao - se chove trasladarase á sala Bahía-, comezará ás 21.00 horas e tamén será de acceso libre ata completar capacidade.

Habitación Peregrina PRO pechará o venres 13 o prazo de inscrición

A sexta edición de Camiño Escena Norte traerá novamente a Galicia a celebración do encontro escénico profesional **Habitación Peregrina PRO**, o espazo de convivencia onde as compañías entran en contacto, coñecen as súas liñas de traballo e propostas estéticas, profundan na realidade dos distintos circuitos de programación, exploran vías de coprodución e acceden a propostas de formación que sexan de interese para o seu desenvolvemento profesional.

Habitación Peregrina PRO celebrarase do 17 ao 19 de setembro no centro O Vello Cárcere, de Lugo, e, nesta ocasión, **ábrese a participación ás compañías e axentes do sector profesional dos demais territorios do Estado**, á fin de favorecer unha maior conexión cultural interterritorial. Durante as tres xornadas, abordaranse cuestións como a **inclusión e accesibilidade** a partir dun taller de teatro accesible impartido por **Chévere**, o potencial transformador das artes escénicas desde un **enfoque sostible** ou mesmo **cuestións legais e fiscais** claves para as compañías no seu día a día.

Ademais, tamén por vez primeira en Habitación Peregrina PRO, haberá novos espazos de convivencia en horario nocturno, que servirán para que as e os participantes descubran a **gastronomía local** ou mesmo coincidan nunha "pista de baile" grazas á actividade *¡Discoteca de Señoras... y Señores también!*, que contará coa bailarina **Marta Alonso Tejada** e coa cantante **Mounqup** como anfitrías.

Camiño Escena Norte

Camiño Escena Norte é un proxecto promovido polas asociacións profesionais de produtoras de artes escénicas Escena Galega (Galicia), EscenAsturias (Asturias), ACEPAE (Cantabria), Eskena (Euskadi) e ESNA (Navarra). Todas elas únense na supraentidade Camino Escena Norte Agrupación de Interese Económico, creada especificamente para o desenvolvemento, xestión e produción deste proxecto.

CEN, que conta co apoio da Xunta de Galicia a través da Axencia Galega das Industrias Culturais, toma como base a ruta histórica dos camiños de Santiago do norte para ofrecer, ao longo de seis semanas, toda unha extensa programación escénica, dirixida a todo tipo de públicos. Así, tanto a través da súa iniciativa itinerante **Ciclo Constelacións**, como doutras actividades paralelas -como é o caso dos encontros cos espectadores ou das actividades profesionais **Cruzamentos e Habitación Peregrina PRO**-, Camiño Escena Norte pretende impulsar, dinamizar e

PROMOVE / PROMUEVE / SUSTATZAILAK:



www.escenanorte.com





camiño
escena
norte

camín
escena
norte

camino
escena
norte

ipar
eszena
bidea

visualizar o labor das compañías galegas, asturianas, cántabras, vascas e navarras. O CEN tamén conta coa colaboración da Deputación Provincial de Lugo e do Concello de Lugo, e conta con Vegalsa-Eroski como patrocinador oficial.

AXENDA CAMIÑO ESCENA NORTE | DO 13 AO 15 DE SETEMBRO DE 2024

13.09, ás 19.00 horas | Santiago de Compostela

Praza de Praterías (en caso de choiva, será no Salón Teatro)

Check Out, de Adrián Conde Espectáculos (AST)

Teatro. Público infantil e familiar.

Entrada libre ata completar capacidade.

A vida de Eugenio transcorre no vestíbulo dun hotel, entre maletas soña con deixarlle aos fillos un futuro mellor. Un mozo de servizo diferente que, entre equívocos, xogo de clown e moita diversión, descobre ao longo dunha xornada imprevista de traballo que non hai mellor futuro que vivir gozando do presente. Unha historia que convida a reflexionar sobre a importancia da familia e sobre a que lle dedicamos o tempo.

15.09, ás 21.00 horas | Foz

Praza Conde de Fontao (en caso de choiva, será na Sala Bahía)

By ò Bu. Aproximación al no existir, de Yarleku e El Punto Gunea (NAV)

Novo circo. Público adolescente e adulto.

Entrada libre ata completar capacidade.

Un espectáculo como unha boa escusa para falar de algo tan real como é o necesitar, nalgún momento dunha vida, durmir para sempre. *By ò bu. Aproximación al no existir* é un espectáculo que, a través do movemento, o trapecio e a palabra, expón a conversa entre as dúas partes dun mesmo ser. Este diálogo enmárcase nun espazo que ben podería ser a súa propia cabeza, chea de equilibrios e portas ás súas reflexións. Unha conversa sobre a súa existencia e a opción de deixar de existir.

Para máis información:

Prensa CEN Galicia | Lucía Pita: 675 404 321 - lucia.pita@theofficeco.es

[Press kit](#) CEN Galicia 2024

PROMOVE / PROMUEVE / SUSTATZAILAK:



www.escenanorte.com

